

Más de 300 amantes de los coches clásicos se dieron cita en Padrón

Padrón. Más de trescientas personas participaron este domingo en la nueva edición de la Ruta de vehículos históricos que organiza la Asociación Clásicos do Sar, que preside Emilio Rodríguez. La cita comenzó con una concentración de casi 150 joyas motorizadas en el aparcamiento del hotel Scala, tras la que tuvo lugar una ruta que discurrió por A Picaraña, Os Angeles, O Martelo, Aguasantas, Vilachán (donde se sirvieron unos pinchos en Casa Benjamín), Rois, Lestrove

(con motivo de las fiestas de los Aflixidos), Padrón y de nuevo al Scala, donde los apasionados de los coches clásicos pudieron disfrutar de una magnífica exposición de relucientes cuatro ruedas de todas las marcas y modelos.

Como broche de oro hubo un almuerzo en el que participaron centenares de personas y que contó con el concejal del Concello de Padrón Paco García, entre otras autoridades y directivos de asociaciones de clásicos de toda Galicia. **A. REBOYRAS**



Por la izq. Alejandro Muñiz, José Manuel Cao, Paco García, Emilio Rodríguez y Javier Ferreira. Foto: A.R.

Modernízase a oficina de turismo de Caldas de Reis

Caldas. As oficinas da rede Info Rías Baixas da Deputación de Pontevedra implementarán un novo modelo de atención turística centrada na dixitalización e a accesibilidade. Neste marco a oficina de Caldas ofrecerá ao turismo unha experiencia máis enriquecedora. Vaino facer con novos

elementos chegados da man do Tourist Inside, un programa promovido pola Administración provincial que conta con financiamento europeo xestionado polo Goberno do Estado. Así o anunciaron a deputada, Ana Laura Iglesias, e o tenente de alcalde de Caldas, Manuel González. **C.E.**

A Vila do Mañá transforma Touro da man dos mozos

Con grafitis nas paredes, muros e valados tomaron conciencia da súa arquitectura, o urbanismo, o patrimonio e a paisaxe

CLAUDINA ESTÉVEZ
Touro

Un grupo de quince mozos e mozas do concello de Touro transformaron o municipio e a súa capital, Fonte Díaz, grazas ao proxecto A Vila do Mañá. A mocidade, no marco desta iniciativa educativa que capitanea a arquitecta Sandra González, traballou, aprendeu e divertiuse para mudar de novo a faciana das rúas de Fonte Díaz.

Os máis novos, a través de grafitis feitos nas paredes, muros e valados, tomaron conciencia de todas as escalas do común na vila de Fonte Díaz: a súa arquitectura, patrimonio, urbanismo e paisaxe.

Esta actividade é a segunda vez que implica aos máis novos e novas do municipio. O ano pasado, nestas datas, xa participaron na proposta de transformar a vila a través dun proxecto que este ano foi seleccionado para a Bial Iberoamericana de Arquitectura e Urbanismo, entre máis de oitocentos de 22 países.

Sandra González detalla o intenso traballo feito: “primeiro debatemos e tratamos de que mozos e mozas de Touro entenderan a obra e o seu contexto; e consensuamos o traballo que íamos facer”. Posteriormente, continúa, “preparamos o lenzo, neste caso os muros e valados de Fonte Díaz, e traballamos nas rúas”, dixo a arquitecta.



Tres rapaces de Touro transforman o municipio na Vila do Mañá. Foto: Concello de Touro

“En cada obra seleccionada tratamos de que os máis novos foran protagonistas; conseguindo que as súas siluetas invadiran as rúas da súa vila, de Fonte Díaz”, explicou Sandra González, quen

engadiu que ese é o espírito “co que levamos traballando na Vila do Mañá dende hai anos”. Ao seu parecer: “así logramos xerar un vínculo identitario coa súa localidade de orixe, e máis aínda se son eles os que quedan plasmados”, apuntou.

“A nosa intervención pretende que Galicia teña vilas, entre elas Fonte Díaz, máis sostibles e comprometidas”. A Vila do Mañá, que comenzo a súa andaina no ano 2016 en Rianxo, estivo dirixida a mozos e mozas. “Queremos xerar nos participantes que nos acompañen unha nova identidade”, explicou San-

dra, quen destacou a importancia de “ter o poder de transformar o espazo”.

De agora en diante a rapaza de Touro e os veciños e veciñas da vila convivirán cun espazo do que son protagonistas.

E é que este proxecto consegue espertar nos mozos unha nova mirada sobre os espazos nos que están a desenvolver a súa vida. Dende a infancia e a través do xogo a cativada faise máis consciente do seu entorno e tamén do proceso de construción do espazo común (barrio, praza ou cidade) no que levan habitando anos.

Xa é a segunda vez que esta actividade implica á mocidade do municipio de Touro

En cada obra tratouse de que os nenos fosen o centro, polo que plasmaron as siluetas

Valga recibiu con motivo do festexo a unha delegación da vila homónima de Estonia

O Concello convidounos a visitar o municipio e formar parte da Festa da Anguía e Mostra da Caña do País

Valga. Unha delegación da localidade de Valga en Estonia estivo visitando ata este domingo o concello, convidados polo goberno local con motivo da XXXII Festa da Anguía e Mostra da Caña do País. A vicealcadesa, Maarja Mägi, e o concelleiro delegado da área de Deportes e Xuventude, Tõnu Vahtra, son os representantes estonios que chegaron a Valga co obxectivo de seguir fortalecendo as relacións que ambas localidades homónimas manteñen dende hai case

unha década en ámbitos coma o educativo, cultural ou social, uns lazos que se viron refrendados no ano 2017 coa sinatura do protocolo de irmandamento.

Durante a súa estancia coñeceron Valga: os seus equipamentos e dotacións públicos e os seus espazos de interese cultural, patrimonial e natural. Achegáronse asemade ata os centros educativos e formativos coma o IES de Valga, a Escola Infantil Municipal e o CODI.

Tamén tiveron ocasión de coñecer a Casa do Concello, as súas dependencias e o traballo que desenvolve o persoal municipal. O alcalde, José María Bello Maneiro, entregoulles, como regalo institucional,

unha figura co mapa do concello e as súas cinco parroquias e o pin e a bandeira do municipio, que nestes días ondea xunto á de Estonia na Casa Consistorial e no auditorio municipal, edificio ao que tamén se achegaron.

O percorrido por Valga continuou pola área fluvial de Vilarello e o novo embarcador de Santa Cristina. Outros dos espazos que coñeceron Maarja Mägi e Tõnu Vahtra foron a Mina Mercedes e Porto Piñeiro, onde os representantes municipais lles explicaron o proxecto de recuperación que o Concello pretende desenvolver. A parada no Belén artesanal, un dos recursos turísticos máis relevantes, foi tamén obrigada. **C.E.**



Estamos mejorando la calidad del suministro eléctrico. Para la realización de estos trabajos y garantizar la seguridad, nos vemos obligados a suspender el servicio en las fechas, horas y lugares que indicamos a continuación. **Les pedimos disculpas por las molestias que podamos causarles.**

Aprovechamos para informarles de que hemos renovado nuestra área privada digital, donde pueden consultar su consumo eléctrico y hacer gestiones de sus puntos de suministro. Podrán beneficiarse de mejores prestaciones registrándose en nuestra web www.ufd.es

Mejoras en la red eléctrica

Concello Arzúa

31 de agosto de 2022, de 1:00 a 2:30

Lugares y calles afectadas:

Concello de ARZÚA: (CASTRO Nº 36; LUGO Nº 115, 119, 121, 125, 129, 131, 133, 9033; PINEIRAL Nº 10, 12, 15, 17, 22, 24, 26, 28, 30, 32, 34, 36, 38, 40, 42, 44)

Gracias por su colaboración. Las instalaciones se considerarán en tensión por si los trabajos terminasen antes de las horas indicadas